

# PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS AXUDAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E FORMACIÓN - 2023

Incentivo á contratación indefinida inicial e á formación de persoas desempregadas para contribuír ao crecemento das pequenas unidades produtivas con potencialidade



Orzamento  
1.350.000 €

Prazo aberto do  
4 de febreiro ao  
29 de setembro  
de 2023



## Persoas beneficiarias

→ Persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido.

Non serán beneficiarias as persoas que desenvolvesen, nos tres meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova situación de alta na Seguridade Social, a mesma actividade como persoas traballadoras autónomas.



## Intensidade dos incentivos



### Bono contratación \*

	1ª contratación	2ª/3ª contratación	
Persoa desempregada	8.000 €	10.000 €	+ Acumulables 25%
Paro longa duración Maiores de 55 anos Con discapacidade Risco exclusión Emigrantes retornadas Estranxeiras	10.000 €	12.000 €	
	Máx: 22.500 €	Máx: 27.000 €	



### Bono formación (accións formativas ás persoas contratadas – solicitude opcional –)

4.000 €

- Ten que ser para a mesma persoa cuxo contrato se subvenciona.
- A duración mínima da formación teórica será de 70 horas.
- Realizada dentro dos 3 primeiros meses e rematada antes do 29 de outubro de 2023

\* No caso de xornada parcial e no caso de fixos discontinuos a axuda será a cantidade proporcional ao tempo efectivo de traballo respecto da xornada de traballo máxima anual

# PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

## AXUDAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA E FORMACIÓN- 2023



### Obrigas da contratación

- Deberá ser **indefinida inicial**, e no caso dunha **contratación fixa descontinua**, o período de actividade **será un mínimo de 6 meses cada ano**.
- Poderá ser **a tempo completo** ou, de ser a tempo parcial, **cunha xornada mínima do 50% respecto da xornada a tempo completo** establecida no convenio colectivo.
- Deberase manter á **persoa contratada** no cadro de persoal **un mínimo de 24 meses**.
- A persoa contratada ten que **estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e sen ocupación** no momento da súa contratación.
- Comunicar a contratación a través da aplicación **Contrat@** **entre o 1 de outubro de 2022 e o 29 de setembro de 2023**, e sempre con **anterioridade á solicitude desta axuda**.
- Enviar, **no prazo dun mes** a contar desde o día seguinte á recepción da concesión da axuda, a evidencia da **colocación do cartel publicitario nun lugar visible do lugar do traballo** (segundo o modelo que consta na sede electrónica da Xunta de Galicia).



### Obrigas da formación

- A formación presencial **poderá realizarse tanto nas instalacións da persoa beneficiaria como nas da entidade encargada** da súa impartición.
- No modo de teleformación, realizarase **cunha plataforma virtual de aprendizaxe** cunha **metodoloxía apropiada** que posibilite a **interactividade** (persoa traballadora – titoría) e que asegure a **xestión dos contidos**, un **proceso de aprendizaxe sistematizado**, o seu **seguimento en tempo real** e a **avaliación** de todo o proceso.
- As persoas beneficiarias **deberán presentar no prazo máximo de 10 días desde o seguinte no que remate a formación**, a seguinte documentación:
  - **Declaración expresa** da aplicación da axuda aos gastos subvencionables e declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas (anexo III).
  - **Documento acreditativo** de que se comunicou ás persoas representantes legais das persoas traballadoras a acción formativa.
  - **Declaración** conforme se realizou a formación, coa relación das persoas traballadoras que a recibiron, os contidos formativos, o calendario de actividades e o número de horas impartidas e informe individualizado de aproveitamento.

Acceso á ficha da  
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 0302|2023



### Presentación da solicitude

- As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica** a través do formulario normalizado (Anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **As solicitudes** deberán dirixirse **ante a Xefatura Territorial** onde a persoa solicitante teña o domicilio fiscal.
- O **prazo** para a presentación da solicitude **rematará o 29 de setembro de 2023**.